



## **ASUNTO: LISTAXE TRIMESTRAL DE QUEIXAS E RECLAMACIÓNS DOS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO DO ANO 2018.**

Vistas as solicitudes de reclamacións e as suxestións achegadas no período comprendido entre os meses de xuño e agosto do presente ano, ao abeiro do establecido no artigo 168 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do Concello de Pontevedra (Texto Refundido con modificacións publicadas no BOP núm. 208, de 27 de outubro de 2008, BOP núm. 47, de 10 de marzo de 2009 e BOP núm. 91, de 12 de maio de 2011). Emítese listaxe trimestral das reclamacións e suxestións tramitadas na oficina de información e atención ao cidadán, das que non foron admitidas a trámite e das tramitadas noutros servizos obxecto de seguimento pola dita oficina.

### **1. RELACIÓN DE QUEIXAS TRAMITADAS NA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN**

Núm.	EXPTÉ.	SERVIZOS	TRÁMITES	SOLUCIÓNS
1	<b>2018/SUXRECLA/000010</b> Solicita limpeza de solar situado na parte posterior do domicilio da rúa Angel Amor Ruibal	Disciplina Urbanística OTMAIES	Rexistro 20/01/2018 Iniciación 22/01/2018	Este expediente é de Disciplina pero o remitiron a Isabel Couselo para que o informe. 2017/MALEZAS/000177 Pendente do informe solicitado
2	<b>2018/SUXRECLA/000018</b> Reclamación manifestando desconformidade con intervención a usuaria dos servizos sociais deste Concello	Oficina Técnica de Servizos Sociais	Rexistro 6/02/2018 Iniciación 6/02/2018 Informe 17/07/2018 Notificación 17/07/2018 Arquivo 13/09/2018	Remítese o informe da xefa da Oficina Técnica de Benestar, cuxo contido informa do axeitado tanto na forma como no contido, do seguimento técnico do proxecto de inserción social.
3	<b>2018/SUXRECLA/000036</b> Suxestión para a inclusión das tarifas destinadas as persoas con discapacidade nos pregos do contrato de adjudicación do complexo deportivo de Campolongo	Servizo de Deportes	Rexistro 26/04/2018 Iniciación 26/04/2018 Informe 2/10/2018 Notificación 8/10/2018 Arquivo	Infórmase que no prego de prescricións técnicas, entre outros contéplase como actividade prioritaria a "natación hixiénico-sanitaria e terapéutica". Así mesmo, nos PPT se determina un prezo especial para aqueles casos que teñan que ter unha consideración especial por cuestión derivadas de exclusión social, xa que se entende que a actividade física e o deporte e unha actividade necesaria para o desenvolvemento integral das persoas.
4	<b>2018/SUXRECLA/000037</b> Queixa pola actuación dun axente da policía local en relación a presenza dunha mascota nas dependencias do Concello	Policía Local	Rexistro 12/04/2018 Iniciación 26/04/2018 Notificación 14/09/2018 Arquivo 2/10/2018	Comunícase que nas indicacións do axente, non se aprecia motivación distinta ao mero exercicio do seu cometido e que a interpretación da expresión "malas maneiras", pode dar lugar a confusión, posto que non fai referencia á falta de respecto. Por outra banda, este funcionario extinguiu a súa relación laboral co Concello por xubilación.
5	<b>2018/SUXRECLA/000040</b> Queixa polo funcionamento do centro de día para persoas maiores Saraiva	Disciplina Urbanística	Rexistro 23/03/2018 Iniciación 26/04/2018 Informe 10/07/2018 Notificación 10/07/2018 Arquivo 13/09/2018	Comunícase que o enxeñeiro industrial adscrito á OTLI, tras xirar visita ao emprazamento, constata a instalación das chemineas, e informa de que non resultarían amparadas pola licenza no seu día concedida. Vistas as alegacións verquidas pola representación da entidade mercantil denunciada, dáselle traslado á Oficina Técnica de Licenzas e Inspección, sen que á data do presente informe, conste informe algún emitido sobre o particular aludido pola parte denunciada.
6	<b>2018/SUXRECLA/000044</b> Queixa polo exceso de velocidade dos vehículos que circulan pola rúa Palamios	Policía Local Concellaría de Obras	Rexistro 26/04/2018 Iniciación 10/05/2018 Informe 23/07/2018 Arquivo 27/07/2018	Agradeceselle o interese e a concellería teraa en conta e procederá a realizar o seu estudo, coa participación dos técnicos municipais e da Policía Local, tanto no ámbito da mobilidade peonil como na reordenación do tráfico rodado e as necesidades da mellora na accesibilidade. Sen prexuízo de que o Concello de Pontevedra ten programado un Plan de obras urbanas para o ano 2018
7	<b>2018/SUXRECLA/000048</b> Queixa por non ter obtido resposta á reclamación de data	Disciplina Urbanística Patrimonio	Rexistro 21/03/2018 Iniciación 21/05/2018 Notificación 17/07/2018	Comunícase que recentemente, a representación veciñal tivo pleno acceso ao expediente, mediante a consulta por parte dunha avogada e unha



	20/02/2017 no exp. D.U. 10/94		Arquivo 14/09/2018	arquitecta, sen que ata o de agora teñan solicitado copias do mesmo, nin formulado escrito algún en relación a dito expediente
8	<b>2018/SUXRECLA/000049</b> Suxestión relacionada coa ampliación do rango de idade nos requisitos de acceso aos cursos de formación	Promoción Económica	Rexistro 21/05/2018 Iniciación 28/05/2018 Informe 19/07/2018 Notificación 19/07/2018 Arquivo 14/09/2018	Comunícase que a Concellaría de Promoción Económica nestes intres esta a desenvolver catro acción formativas diferentes no Proxecto ILES VI financiado por fondos europeos, dende o Concello de Pontevedra as acción formativas que desenvolvemos directamente van destinados ao público en xeral, sen por límite por idade.
9	<b>2018/SUXRECLA/000051</b> Queixa pola alimentación a animais nas rúas da cidade, que realiza unha veciña a diario, lixando estes espazos públicos	Servizo de Medio Ambiente Natural	Rexistro 29/05/2018 Iniciación 31/05/2018	Pendente do informe
10	<b>2018/SUXRECLA/000053</b> Suxestión para a instalación dun ximnasio ao aire libre na zona de Monteporreiro	Concellaría de Deportes	Rexistro 8/06/2018 Iniciación 11/06/2018 Notificación 8/10/2018	Comunícase que o Barrio conta na actualidade cun parque de ditas características na rúa Luxemburgo. Co gallo da falta de uso polos veciños da antedita instalación, tramítase nestes intres a súa retirada. Polo que non procede a instalación dunhas instalacións novas.
11	<b>2018/SUXRECLA/000054</b> Queixas dos veciños das rúas García Filgueira e Devesas polo ruído producidos pola actividade dun ximnasio	Servizo de Disciplina Urbanística	Rexistro 11/06/2018 Iniciación 14/06/2018 Informe 10/07/2018 Notificación 17/07/2018 Arquivo 14/09/2018	O denunciante informa das datas e horas nas que presuntamente se perciben os rúidos na súa vivenda. Cabe salientar que ningún dos horarios que achega o denunciante coinciden co horario entendido coma nocturno ( enténdese coma nocturno entre as 22: 00 horas e as 8:00 horas do día seguinte )
12	<b>2018/SUXRECLA/000055</b> Suxestión para a elaboración dun proxecto para a humanización da rúa Domingo Andrade desta cidade	Concellaría de Sostemento de Espazos Públicos e Obras.	Rexistro 14/06/2018 Iniciación 18/06/2018 Notificación 18/07/2018 Recepción pola persoa interesada 6/08/2018 Arquivo 17/09/2018	Comunícase que dentro das obras de mellora da mobilidade, accesibilidade e seguranza viaria no ámbito urbano estaría: A Moureira: Ribeira dos Peiraos e Campo do Boi e rúas adxacentes.
13	<b>2018/SUXRECLA/000056 - 2018/SUXRECLA/000057</b> Suxestión comunicando posibles solucións entre a ponte das palabras e a n-550 para peóns e bicicletas e proposta de melloras da sinalización e estratexias seguras para os usuarios de bicicleta.	Concellaría de Sostemento de Espazos Públicos e Obras.	Rexistro 14/06/2018 Iniciación 27/06/2018 Notificación 20/07/2018 Recepción pola persoa interesada 31/08/2018 Arquivo 17/09/2018	Comunícase que os informes aportados, serán tidos en conta dende esta Concellaría e procederemos a realizar o seu estudo, coa participación dos técnicos municipais e da Policía Local, tanto no ámbito da mobilidade peonil como na reordenación do tráfico rodado e as necesidades da mellora na accesibilidade.
14	<b>2018/SUXRECLA/000058</b> Suxestión reclamando actuacións ao Concello de Pontevedra para evitar o acceso de persoas menores de 12 anos á feira taurina local	Cultura Seguridade cidadá	Rexistro 2 e 18/07/2018 Iniciación 2/07/2018 Notificación	Comunícase que a competencia exclusiva nesta materia tena a Comunidade Autónoma, sin prexuízo de que a Policía Local, desenvolveu as funcións da súa competencia recollidas no Regulamento da Policía Local do Concello de Pontevedra, velando polo exacto cumprimento das ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais tales como policía de espectáculos e establecementos públicos
15	<b>2018/SUXRECLA/000059</b> Suxestión relativa á inclusión das unidades familiares con rentas baixas, dacordo o IPREM, como beneficiarios de bonificacións no imposto de bens inmobles	Órgano de Tesouraría e Recadación	Rexistro 2/07/2018 Iniciación 2/07/2018 Notificación 18/09/2018 Arquivo 8/10/2018	Comunícase que a Ordenanza fiscal reguladora do IBI do Concello de Pontevedra, regula o dito imposto no uso das facultades concedidas pola CE a Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Se rixe polo disposto no devandito texto legal e pola Ordenanza fiscal. Os art. 73 e 74 da antedita lei, establece as bonificacións obrigatorias e as bonificacións potestativas e non recolle neste marco legal á inclusión das unidades familiares con rendas baixas.
16	<b>2018/SUXRECLA/000060</b> Suxestión pola circulación de vehículos polas rúas Riestra e outras	Policía Local	Rexistro 2/07/2018 Iniciación 3/07/2018 Informe	Pendente do informe
17	<b>2018/SUXRECLA/000062</b> Suxestión relativa á reposición das árbores talladas polo Concello na Praza de Campolongo	Medio Ambiente Natural	Rexistro 22/07/2018 Iniciación 3/07/2018 Informe	Pendente do informe



<b>18</b>	<b>2018/SUXRECLA/000063</b> Suxestión relativa a posta en funcionamento dun servizo de microbús para o traslado do alumnado ao Campus Universitario	Concellaría de Transportes	Rexistro 4/07/2018 Iniciación 5/07/2018 Notificación 16/10/2018	Comunícase que no goberno municipal non se contempla neste momento, a posta en marcha deste tipo de servizo, precisamente porque se considera que non será rendible. A opción prioritaria para o goberno local en materia de transporte urbano é traballar coa Xunta para tratar de coordinar as diferentes liñas de autobuses que cruzan a diario as rúas da cidade de Pontevedra.
<b>19</b>	<b>2018/SUXRECLA/000065</b> Suxestión propoñendo trasladar o miliario da Praza do Peirao	Concellaría de Patrimonio Histórico	Rexistro 2/08/2018 Iniciación 8/08/2018 Notificación	Comunícase que a colocación do amentado miliario, resulta de un traballo minucioso relacionado coa memoria histórica da cidade e realizado, en primeiro lugar, pola Unidade Municipal de Arqueoloxía, cuxo resultado foi resolto e executado polo gañador do concurso ideas para o Museo de Historia da Cidade
<b>20</b>	<b>2018/SUXRECLA/000066</b> Reclamación pola falta de asistencia tras avisos para a retirada dun niño de vespa asiática	Servizo de extinción de incendios	Rexistro 3/08/2018 Iniciación 8/08/2018 Informe	Pendente do informe
<b>21</b>	<b>2018/SUXRECLA/000067</b> Reiteración de queixa pola queima incontrolada dun vecino de Mollabao	Policía Local	Rexistro 31/07/2018 Iniciación 8/08/2018 Informe	Pendente do informe
<b>22</b>	<b>2018/SUXRECLA/000068</b> Suxestión aportando medidas que poden mellorar o futuro transporte metropolitano na área de Pontevedra e a intermodalidade co tren e a bicicleta.	Concellaría de Transportes	Rexistro 26/07/2018 Iniciación 8/08/2018 Notificación	Agradéceselles as achegas e infórmase, en base á complexidade da situación, a necesidade dun estudo técnico e de viabilidade serio, rigoroso e profundo da situación e das alternativas óptimas. Propúxoselle á Xunta a creación dunha Comisión Técnica Bilateral.
<b>23</b>	<b>2018/SUXRECLA/000071</b> Suxestión reclamando horas libres de músicos na rúa	Concellaría de Promoción da Cidade	Rexistro 21/08/2018 Iniciación 22/08/2018	Infórmase que a concellaría está a traballar, consciente da complexidade desta tarefa, na regulación normativa dos artistas na rúa.
<b>24</b>	<b>2018/SUXRECLA/000072</b> Queixa por non conseguir poñerse en contacto co Servizo de Parques e Xardíns	Servizo de Parques e Xardíns	Rexistro 23/08/2018 Iniciación 3/09/2018 Informe	Pendente do informe
<b>25</b>	<b>2018/SUXRECLA/000073</b> Reclamación por non recibir resposta a solicitude de axuda de alimentos	Oficina Técnica de Benestar	Rexistro 22/08/2018 Iniciación 4/09/2018 Solicitude informe 24/09	Pendente do informe

### 3. RELACIÓN DE QUEIXAS DERIVADAS A OUTROS SERVIZOS POLA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN

	EXPTÉ.	SERVIZOS	TRÁMITES	SOLUCIÓNS
<b>1</b>	<b>2018/SUXRECLA/000045</b> Suxestión para apertura dun aula de estudo nas fins de semana e festivos	Servizo de Educación	Rexistro 10/05/2018 Iniciación 11/05/2018 Envío ao Servizo 24/09/2018	Envíase o documento para o inicio doutro expediente no Servizo de Educación e Dinamización Sociocultural
<b>2</b>	<b>2018/SUXRECLA/000061</b> Suxestión sobre o parque de xogos da Praza de Barcelos	OTA	Rexistro 2/07/2018 Iniciación 3/07/2018	Envíase o documento para o inicio doutro expediente na Oficina Técnica de Arquitectura
<b>3</b>	<b>2018/SUXRECLA/000064</b> Solicitude para a instalación de aseos móbiles durante a celebración organizada polas peñas de mozos pontevedreses	Servizo de Cultura	Rexistro 6/08/2018 Iniciación 8/08/2018 Traslado 16/10/2018 Notificación 18/10/2018	Trasládase a solicitude ao Servizo de Cultura para a súa tramitación.
<b>4</b>	<b>2018/SUXRECLA/000070</b> Queixa pola instalación dun colector nunha praza de aparcamento	Servizo de Limpeza	Rexistro 13/08/2018 Iniciación 17/08/2018 Notificación 16/10/2018	Envíase o documento para o inicio doutro expediente na Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos

Pontevedra, na data que figura na sinatura electrónica.

